



ASOCIACIÓN DE
ENSEÑANTES
CON GITANOS

CONCELLO
DE VIGO



REFLEXIÓN LITERARIA DE LOS GITANOS DESDE GALICIA

32 Jornadas de Enseñantes con Gitanos, 2012

Edición bilingüe

LEDICIA COSTAS
MARÍA XOSÉ QUEIZÁN
AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
FERNANDO FRANCO



Ilustración Montse Motos

ÍNDICE


Presentación das persoas que me acompañan, <i>por Fernando Franco</i>	Páxina 2
Reflexión literaria dos Xitanos desde Galicia, <i>por Leticia Costas</i>	Páxina 6
Reflexión literaria de los Gitanos desde Galicia, <i>por Leticia Costas</i>	Página 10
A miña relación cos Romaníes, <i>por María Xosé Queizán</i>	Páxina 14
Mi relación con los Romaníes, <i>por María Xosé Queizán</i>	Página 21
Abrir as portas, <i>por Agustín Fernández Paz</i>	Páxina 28
Abrir las puertas, <i>por Agustín Fernández Paz</i>	Página 36
Gitanos, rhinopeces y escarabajos mineros, <i>por Fernando Franco</i>	Página 41
Agradecimiento, <i>por Asociación de Enseñantes con Gitanos</i>	Página 44

PRESENTACIÓN DAS PERSOAS QUE ME ACOMPAÑAN, Realizada por Fernando Franco

...Sobre Fernando Franco

“Escribo una columna diaria, otra semanal, sintetizo tres conferencias por semana, hago las pertinentes entrevistas con foráneos, tengo una sección de Memorias de personajes... y de vez en cuando respiro”

“Soy un periodista de base que no quiere perder el tiempo en triquiñuelas del mando ni marcar el ritmo de los nuevos galeotes”





Leticia Costas

Contoume Leticia que naceu en Vigo alá polo 1979, cando o verán estaba a piques de morrer. Neta dun inventor e filla de dous creadores de soños, escribe desde que ten memoria. Debutou na colección Fóra de Xogo coa novela *Unha estrela no vento* (Xerais 1999), obra escrita en plena adolescencia que pronto será traducida ao catalán. Na colección Abismos, xunto con outras 24 narradoras, publicou o relato *Negríta* no volume *Narradoras* (Xerais 2000). *O corazón de Xúpiter* (Xerais 2012) é a súa segunda novela.

Di ela que se sente poeta con alma de equilibrista, porque recita nos lugares máis propicios á caída: no autobús, no supermercado, nos bares, en tendas de conxelados... Debe ser por iso que forma parte do colectivo *Poetas da Hostia*.

A súa obra poética está recollida en distintas publicacións colectivas: *Isto é un poema e hai xente detrás* (Espiral Maior e Xunta de Galicia), *Premios de Poesía, Relato Curto e Tradución da Universidade de Vigo* (Edicións Xerais), *Pel con Pel* (Editorial Galaxia), *Urbano. Homenaxe a Urbano Lugrís* (A Nave das IDEas). Individualmente ten publicado o poemario *Xardín de Inverno*.

A día de hoxe forma parte da directiva de Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), é avogada a tempo parcial e poeta a tempo completo. E nas horas libres escribo novela, que é a súa verdadeira paixón.

Agustín Fernández Paz



Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947).

Incribelmente, por algún raro azar, eu nunca tiven ocasión de estar máis que de paso con este escritor a pesares de levar eu máis de 30 anos no xornalismo e a pesar de estar el en todas partes e ter unha das traxectorias máis reputadas da nosa literatura. Aproveito hoxe. Agustín é, certamente, un dos escritores máis coñecidos e valorados no ámbito da literatura infantil e xuvenil, en Galicia e no conxunto de España. É autor de máis de corenta e cinco títulos dirixidos preferentemente a lectores infantís ou xuvenís. Os seus libros, escritos en galego, tradúcense habitualmente ás outras linguas españolas pero tamén ten diversos títulos traducidos ao portugués, coreano, francés, árabe e italiano.

Os seus libros obtiveron numerosos premios, tanto no ámbito galego coma no español Foi recoñecido dúas veces como o mellor autor do ano (no 2004, pola Federación de Libreiros de Galicia; no 2007, pola Asociación Galega de Editores). Tamén recibiu en dúas ocasións o premio ao mellor libro de LIX do ano, que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega. O Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil ...

Podería falar da súa verquente internacional pero, de seguir, non habería tempo para outras cosas. Unha cousa é crara: sempre loitou por acadar un status social digno para a literatura infantil e xuvenil.

María Xosé Queizán



E, a María Xosé a coñezo tanto, na súa vida extrauterina pero tamén nesa outra intrauterina que non coñecen tantos, que no sei por onde empezar.

Naceu en Vigo, é Catedrática de Lingua e Literatura galega, imparte clases nun IES desta cidade, é Presidenta de FIGA (Feministas Independentes Galegas), Directora da revista cultural *Festa da Palabra Silenciada*, Dirixe ou dirixiu a colección *As Literatas* de narradoras en E. Xerais, foi Creadora e directora do Teatro Popular galego, 1967.

Escritora, tradutora, conferenciante, autora de decenas de libros de narrativa, ensaio, poesía, teatro... Non é por nada polo que un fermosa parque de Vigo leva o seu nome.

Feminista, independente e sempre insubmisa. Tres conceptos cos que podería facerse un triángulo básico da personalidade de María Xosé Queizán. Poderíamos converter o triángulo nun cadrado engadindo outro ángulo: espírito de aceiro. O nun pentágono: sempre ela, de cara, de fronte. O hexágono: en profunda soidade. Tamén poderíamos debuxar unha circunferencia cunha palabra que a englobe e teña maior significado: pioneira. Pero o certo é que á escritora María Xosé Queizán non hai xeometría que a defina suficientemente.

Unha aperta Maria Xosé.

Fernando Franco

REFLEXIÓN LITERARIA DOS XITANOS DESDE GALICIA, Leticia Costas

A sociedade inculcoume que eu son diferente. Polos meus intereses, polos meus valores, pola miña forma de entender a vida. E ser diferente non é fácil. Porque estás exposto á crítica máis aceda e porque non podes evitar deixar de cuestionarte unha e outra vez se non serás ti a que está equivocada e non o resto.

Escribo desde que son unha nena. Para escribir hai que observar o mundo. Eu considérome unha boa observadora. Talvez non sexa quen de determe no superficial, pero si nos detalles, no que hai debaixo da capa máis externa das cousas. Como escritora, pero antes diso como muller, sinto debilidade desde sempre polos seres marxinais, por aquelas persoas que viven á marxe pola razón que sexa. Talvez porque nesas persoas, vexo reflectida a miña propia condición.

Con 15 anos acabados de cumprir empecei a escrita da novela *Unha estrela no vento*. Nesta obra publicada por Edicións Xerais de Galicia, reflexiono sobre o pobo xitano, en concreto sobre o papel da muller xitana, a través de Reina, unha adolescente que vende rosas. Planteo a posibilidade dunha relación de amor entre unha xitana e un *payo* como algo que xorde de xeito natural, sen trabas, nin complexos.

Pero esa novela naceu moitos anos antes, nunha aula da EXB. Eu andaría polos once anos, ela polos trece ou catorce. Chamábase Silvia. Tiña o cabelo longo, a pel morena e un sorriso que rara vez aparecía, pero que cada vez que se debuxaba por casualidade no seu rostro, o sol saía

de súpeto no interior daquela aula pintando a nosa infancia de festa. Sentaba sempre en primeira fila. Non lle gustaba ler en público e tiña dificultades para comunicarse. Coa voz, porque coa mirada conquistou o meu mundo desde o primeiro día. Pasei moitas clases observando a súa maneira de comportarse. E tamén a maneira en que os demais se comportaban con ela. Conviviamos sen maior problema, pero había algo que non funcionaba. Era coma se o alumnado estivese programado para non entablar amizade con Silvia. Existía unha barreira invisible que percibíamos sen atrevernos a traspasar. Ou quizais esa barreira non existía de verdade, e eramos nós quen loitamos por levantala. Logo, andando o tempo, reflexionei máis devagar sobre esa barreira e caín na conta de que non só había unha barreira entre Silvia e os demais. Tamén había unha barreira entre Milagros e os demais, porque Milagros repetía curso e levaba saias moi curtas. Tamén había unha barreira entre Pablo e os demais. Porque Pablo tiña un irmán toxicómano e a súa nai traballaba limpando portais. Seguí reflexionando e lembrei tantas barreiras como alumnas e alumnos había naquela aula. E entón empecei a escribir *Unha estrela no vento*, para poder ver o mundo un pouco máis claro.

7

Silvia non foi a última que se cruzou coa miña infancia. Uns anos despois, eu andaría polos 13 ou 14, foi a quenda dos *Portugueses*. Eran unha familia de xitanos. A nai, o pai e tres fillos varóns. Chegaron unha mañá ao barrio da Brea Muiñeira sen facer ruído. De súpeto estaban instalados na bufarda, a mesma casa diminuta na que eu me criara e da que gardaba tantos recordos bonitos. Sentín que estaban invandindo a miña infancia. Pero non por ser xitanos ou portugueses, senon por profanar aquel territorio que eu consideraba da miña exclusiva propiedade.

Que os *Portugueses* chegasen aquela mañá sen facer ruído foi unha ironía, unha chiscadela do destino. Pronto empezaron as noites de berros, discusións que foron sonadas en todo o

barrio. Mesmo houbo que dixo que o pai amenazara á muller cun coitelo de cociña. Como se as paredes fosen transparentes. As súas dificultades económicas relegáronos ao máis baixo na categoría da Brea Muiñeira. En seguida correu a voz de que non tiñan cartos para pagar o aluguer. A xente escapaba deles. Tiñan a peste. Eu non acaba de entender nada. Porque os meus propios pais, cando vivían na bufarda, tamén tiñan dificultades para chegar a fin de mes. E porque había outras familias na Brea Muiñeira que discutían a berros. Pero non eran xitanos nin portugueses. E aquilo salvábaos da queima.

Os *Portugueses* acabaron fuxindo do barrio unha mañá, en completo silencio. Como un refacho de vento xeadado que atravesa a conciencia. Colleron os seus trebellos, subiron nun coche branco que facía un ruído infernal e marcharon, deixando no aire un estraño recendo a tristura.

Logo foi a quenda do *Rubio*. Era xitano, tiña o pelo loiro, cantaba flamenco polas tardes e vivía nunha casa onde pasaban droga. Ninguén no barrio se atreveu nunca a dirixirlle a palabra. A súa casa ardeu unha tarde de inverno. Toda a veciñanza respirou de alivio co suceso.

A Brea Muiñeira é un lugar un tanto raro, onde acontecen cousas insólitas. Eu cheguei a pensar que realmente ese lugar non existe. Que é un espazo literario onde os personaxes máis variados pasean finxindo que son de carne e óso. Agora non vive ningunha familia xitana, pero hai un africano. Chámase Wallace. O meu avó chamáballe *o Neghro*. Ten un irmán xemelgo e unha muller que sempre está incomodada. Ninguén se mestura con eles e xa levan instalados case dez anos.

Tamén hai unha rapaza que ás veces pasea polo barrio vestida cun traxe de plástico prateado porque di que lle axuda a adelgazar, un señor alcumado *O Piche* que se dedica a

colgarlle mazás aos seus camelios e que toca a guitarra cun pucho de ruso na testa, un rapaz que lle plantou lume hai un par de anos a unha oficina do INEM, e unha parella que adoita cear tortillas de marihuana. Pero antes houbo outros. Unha meiga que botaba as cartas e que cando morreu tiveron días o corpo na casa exposto para toda a veciñanza, o *Macho*, aquel home que batía na súa muller e poñía no radio cassette cancións de Ana Kiro. Incluso o meu avó, o inventor que creou unha trampa para fritir gatos e lle poñía polas noites unha estufa ao seu coche para que non pasase frío. Pero a todos estes, a veciñanza tenlles un respecto. Trátanse entre eles de igual a igual porque, a pesar das peculiaridades son todos da mesma etnia.

Empecei esta reflexión falando da diferenza. De que a sociedade me inculcou que eu era diferente. No fondo, e talvez tamén na superficie, en min hai moito de Silvia e dos *Portugueses*. Por iso penso tanto neles, ata o punto de reinventalos unha e outra vez na miña memoria e tamén no meu mundo literario. Na Brea Muiñeira, pero imaxino que o mesmo sucede noutras vilas galegas, non existen máis barreiras culturais que aquelas creadas por nós mesmos. Ben para non facer o esforzo de entender á outra parte, ben porque somos tan egoístas que consideramos que o noso é o único e o mellor. E, sinceramente, esta segunda posibilidade case prefiro descartala, porque o argumento é calcado ao que imperaba na Alemaña de Hitler da segunda guerra mundial.

REFLEXIÓN LITERARIA DE LOS GITANOS DESDE GALICIA, Leticia Costas

La sociedad me ha inculcado que soy diferente. Por mis intereses, por mis valores, por mi forma de entender la vida. Y ser diferente no es fácil. Porque estás expuesto a la crítica más ácida y porque no puedes evitar el cuestionarte una y otra vez si no serás tú la que está equivocada y no el resto.

Escribo desde que soy una niña. Para escribir hay que observar el mundo. Yo me considero una buena observadora. Tal vez no sea capaz de detenerme en lo superficial, pero si en los detalles, en lo que hay debajo de la capa más externa de las cosas. Como escritora, pero antes de eso como mujer, siento debilidad desde siempre por los seres marginales, por aquellas personas que viven al margen por la razón que sea. Quizás porque en esas personas veo reflejada mi propia condición.

Con 15 años recién cumplidos empecé a escribir la novela *Unha estrela no vento*. En esta obra publicada por Edicións Xerais de Galicia, reflexiono sobre el pueblo gitano, en concreto sobre el papel de la mujer gitana, a través de Reina, una adolescente que vende rosas. Planteo la posibilidad de una relación de amor entre una gitana y un *payo* como algo que surge de forma natural, sin trabas ni complejos.

Pero esa novela nació muchos años antes, en un aula de EGB. Yo tendría once años, ella trece o catorce. Se llamaba Silvia. Tenía el pelo largo, la piel morena y una sonrisa que rara vez aparecía, pero que cada vez que se dibujaba por casualidad en su rostro, el sol salía de repente

en el interior de aquella clase pintando nuestra infancia de fiesta. Se sentaba siempre en primera fila. No le gustaba leer en público y tenía dificultades para comunicarse. Con la voz, porque con la mirada conquistó mi mundo desde el primer día. Observé su manera de comportarse en muchas clases. Y también la manera en la que los demás se comportaban con ella. Convivíamos sin mayor problema, pero había algo que no funcionaba. Era como si el alumnado estuviese programado para no entablar amistad con Silvia. Existía una barrera invisible que percibíamos sin atrevernos a traspasar. O quizás esa barrera no existía de verdad, y éramos nosotros los que luchábamos por levantarla. Más tarde, con el paso del tiempo, he reflexionado con más calma sobre esa barrera hasta darme cuenta de que no sólo había una barrera entre Silvia y los demás. También había una barrera entre Milagros y los demás, porque Milagros repetía curso y llevaba faldas muy cortas. También había una barrera entre Pablo y los demás. Porque Pablo tenía un hermano toxicómano y su madre trabajaba limpiando portales. Seguí reflexionando y recordé tantas barreras como alumnas y alumnos había en aquella aula. Y entonces empecé a escribir *Unha estrela no vento*, para poder ver el mundo un poco más claro.

11

Silvia no fue la última que se cruzó con mi infancia. Unos años después, yo tendría trece o catorce, llegó el turno de los *Portugueses*. Eran una familia de gitanos. La madre, el padre y tres hijos varones. Llegaron una mañana al barrio de la Brea Muiñeira sin hacer ruido. De pronto estaban instalados en la buhardilla, la misma casa diminuta en la que yo me había criado y de la que guardaba tantos recuerdos bonitos. Sentí que estaban invadiendo mi infancia. Pero no por ser gitanos o portugueses, sino por profanar aquel territorio que yo consideraba de mi exclusiva propiedad.

Que los *Portugueses* hubiesen llegado aquella mañana sin hacer ruido fue una ironía, una jugada del destino. Pronto empezaron las noches de gritos, discusiones que fueron sonadas en

todo el barrio. Incluso hubo quien dijo que el padre había amenazado a la mujer con un cuchillo de cocina. Como si las paredes fuesen transparentes. Sus dificultades económicas los relegaron a lo más bajo en la categoría de la Brea Muiñeira, En seguida se corrió la voz de que no tenían dinero para pagar el alquiler. La gente escapaba de ellos. Tenían la peste. Yo no entendía nada. Porque mis propios padres, cuando vivíamos en la buhardilla, también tenían dificultades para llegar a fin de mes. Y porque había otras familias en la Brea Muiñeira que discutían a gritos. Pero no eran gitanos ni portugueses. Y aquello los salvaba de la quema.

Los *Portugueses* huyeron del barrio una mañana, en completo silencio. Como golpe de viento helado que atraviesa la conciencia. Cogieron sus trastos, subieron a un coche blanco que hacía un ruido infernal y se fueron, dejando en el aire un extraño aroma a tristeza.

Después fue el turno del *Rubio*. Era gitano, tenía el cabello rubio, cantaba flamenco por las tardes y vivía en una casa en donde pasaban droga. Nadie del barrio se atrevió nunca a dirigirle la palabra. Su casa ardió una tarde de invierno. Todo el vecindario respiró de alivio con el acontecimiento.

La Brea Muiñeira es un lugar un tanto raro, en donde pasan cosas insólitas. Yo he llegado a pensar que realmente ese lugar no existe. Que es un espacio literario en donde los personajes más variados pasean fingiendo ser de carne y hueso. Ahora no vive ninguna familia gitana, pero hay un africano. Se llama Wallace. Mi abuelo le llamaba el *Negro*. Tiene un hermano gemelo y una mujer que siempre está enfadada. Nadie se mezcla con ellos y ya llevan instalados casi diez años.

También hay una chica que a veces pasea por las calles vestida con un traje de plástico plateado porque dice que le ayuda a adelgazar, un señor apodado *El Piche* que se dedica a colgarle manzanas a sus camelios y que toca la guitarra con un gorro de ruso en la cabeza, un chico que le plantó fuego hace un par de años a una oficina del INEM, y una pareja que acostumbra cenar tortillas de marihuana. Pero antes hubo otros. Una bruja que echaba las cartas y que cuando murió tuvieron días el cuerpo en su casa, expuesto para todo el vecindario, el *Macho*, aquel hombre que le pegaba a su mujer y ponía en el radio cassette canciones de Ana Kiro. Incluso mi abuelo, el inventor que creó una trampa para freír gatos y que le ponía a su coche una estufa todas las noches para que no pasara frío. Pero a todos estos, el vecindario les guarda respeto. Se tratan entre ellos de igual a igual porque, a pesar de las peculiaridades, son todos de la misma etnia.

He empezado esta reflexión hablando de la diferencia. De que la sociedad me inculcó que yo era diferente. En el fondo, y tal vez también en la superficie, en mí hay mucho de Silvia y de los *Portugueses*. Por eso pienso tanto en ellos, hasta el punto de reinventarlos una y otra vez en mi memoria y también en mi mundo literario. En la Brea Muiñeira, pero imagino que lo mismo sucede en otros barrios gallegos, no existen más barreras culturales que aquellas creadas por nosotros mismos. Bien para no hacer el esfuerzo de entender a la otra parte, bien porque somos tan egoístas que consideramos que lo nuestro es lo único y lo mejor. Y, sinceramente, esta segunda posibilidad casi prefiero descartarla, porque el argumento es calcado al que imperaba en la Alemania de Hitler de la segunda guerra mundial.

A MIÑA RELACIÓN COS ROMANÍES, María Xosé Queizán

O meu coñecemento do pobo xitano vén de lonxe. Os carros cheos de churumbeis e as chabolas nos arrebaldes de Vigo, chamaron a miña atención desde a infancia. Unha maneira de vivir diferente e unha vestimenta e costumes exóticos, algo suxestivo aos ollos dunha nena que lía o Quixote. Nun libro fundamental para min os xitanos eran insultados sen reparos. Tamén souben que non eran apreciados pola sociedade. Os ditos en relación co seu afán de apropiarse das posesións alleas, ou da súa desidia e mal aspecto chegaban a todos os oídos. Se alguén roubaba no peso, era unha xitana, mesmo se era paia; se ía mal peiteada, “recolle ese pelo, parece unha xitana”; se era lercha, “tes aires de xitana”. Xitana ou xitano tiñan moitas atribucións, todas despectivas e aldraxantes.

14

En oposición a isto, estaban as cancións flamencas que saían por EAJ 48 Radio Vigo. Refírome aos anos da dictadura, nos que Andalucía e o seu folclore eran o paradigma do español. Isto levoume a certo rexeitamento desas provincias. Confeso que foi Andalucía a última rexión que coñecín de España, en tempos relativamente recentes. Hai dous anos que volvíñ visitar Jerez, “la cuna del flamenco” din, e escoitei en Cádiz, diante da catedral, un concerto de villancicos xitanos por unha agrupación musico-vocal excelente e uns bailaríns de primeira orde. Agora son unha apaixonada do flamenco.

Cando era nena, pola radio, non tiña información pero escoitaba o que dicían os xitanos de si mesmos, unha declaración de orgullo, de autoestima contradicindo as aldraxes populares: que tiñan “sangre de reyes”, ou que “a Graná ha venido de tierras extrañas, una niña en carroza

reá, una niña princesa gitana. Tani le llaman de nombre y es más bonita que un sol, no camela corona reá que camela gitano español”. Juanito Valderrama, la Niña de la Puebla, que os levaba “por los campos de mi Andalucía”. Viría logo a insuperable Lola Flores, ou a voz rota de Manolo Caracol que dicía coma ninguén as Carceleras, as cancións dos xitanos desde a trena, laiándose da falta de liberdade.

Pouco despois entrei no ámbito do jazz. En París, coñecín o jazz francés dos manouches e ao magnífico intérprete de guitarra Djanjo Reinhardt. E logo o virtuoso violinista Roby Lakatos, que fai o mellor jazz coa música da Europa Central, húngara, checa, eslovaca, etc. A fusión entre o jazz e o flamenco non deixa de ofrecer excelentes resultados.

Retornando á miña experiencia. Cando tiña doce anos fun vivir a Extremadura, onde había máis poboación xitana. Cadroume habitar nas aforas de Cáceres preto dun campamento. Vindo eu para a miña casa, un chaval, pequeno coma min, veu detrás e despediume na entrada cun dito groseiro á par de simpático, no que me ameazaba cunha palabra que era a primeira vez que escoitaba. Chamoume a atención e nunca o esquecín, eu que non teño memoria. Non so pola expresión, senón, máis ben, por que a dixera un neno que me parecía máis pequeno ca min. En ninguén momento sentín medo nin preocupación. Agora faime graza.

Cadroume, en diferentes etapas da miña vida, ter contactos cos cárceres. Os calós e calís eran abundantes na trena. Xa sabemos que é máis doado que entre na cadea quen rouba unha galiña que os especuladores e corruptos que despluman sen manchar os longos dedos. Nese aspecto, a sociedade actual é máis consciente e cando fala de “chorizos”, palabra do caló, por certo, refírese a banqueiros ou mesmo a políticos.

Na prisión de Vigo escoitei cantar os calós o día da virxe das Mercedes, patroa dos presos. Bebían uns viños e facían festa. Tamén escoitei, cantar unha saeta, sería o ano 1949, a un xitano que cebaron do cárcere no medio da Procesión de Semana Santa, acompañando o Cristo, coma se fose el quen lle concedese o indulto.

Ao seren nómades, os Rromá trasladábanse preto dos cárceres onde estaban detidos os seus familiares. Os pais e nais reclusos podían ver aos seus churumbeles habitualmente. É proverbial o cariño que senten polas criaturas que eu vía correndo e xogando polos patios exteriores agardando para entrar a comunicar co pai ou a nai. Lembro unha mañá fría de decembro, agardando sentada nos bancos de pedra no cárcere del Dueso. Levaba posto un gorro de la para protexerme da xeada e unhas xitanas ao meu carón dicían con rexouba: “Aquí, con gorro ou sen el, estamos todas no mesmo sitio”. Á saída aínda lles din algo de parné á cativada, que ser, eran listos e espelidos.

16

A miña filla Cristal e o fillo, Roi, foron á escola pública, ao colexio Fleming, en Vigo, e ao lado había chabolas. Sabían o respecto que merecían na casa os xitanos e trataban de crear amizade cos chavales que ían á escola, de cando en vez. Chegaban a casa comentando as fazañas dos compas xitanos. O Roi mesmo andaba polas chabolas para acariñar os cans. Dunha vez, traboulle unha cadela que estaba coa camada acabada de parir, e quedoulle unha boa marca que non o fixo escarmentar.

Xa antes comezara eu a comprar libros sobre a etnia xitana e preocuparme da súa historia, da procedencia, do idioma, dos oficios, do sentido da liberdade e do orgullo. O romanticismo xuvenil levábame, como lles pasou a certos escritores e músicos, a valorar esas características: a rebeldía, a arrogancia, a negativa a asimilarse. Un dos que quedaron

engaiolados pola súa cultura e chegou mesmo a vivir con eles foi o poeta ruso Alexandr S. Pushkin, moi honrado e recoñecido aínda hoxe. Na Festa da Palabra Silenciada nº 19, dedicada á Cultura Xitana, aparecen uns textos de Pushkin, traducidos ao galego por Antonio Bar, gran coñecedor da cultura galega e rusa. Explica que “durante a súa estadia en Besarábia, Pushkin visita algúns campamentos xitanos, convive con eles e comprende estes seres altivos, independentes e acolleedores. Falou cos domadores de osos, coas fermosas rapazas, mouras e dúctiles, que len o futuro no oco das mans. Amounas e trasladounas con fidelidade aos seus poemas” Leo o Epílogo do poema Os Xitanos de Pushkin, traducido por Antonio Bar:

*A maxia engaiolante das cancións
Na nebulosa da miña memoria
Revive as horas pasadas
Ás veces tristes, ás veces ledas.*

*Neste país noso, onde sen tregua
Resoa o estrondo guerreiro
Á Rusia impuxo as fronteiras
O turco derrubado
A nosa aguia bicéfala
Alí ten un pasado de gloria.alí, nas estepas patrias
Eu encontrei os carros apracibles
Dos nómades xitanos
Fillos dunha humilde liberdade
E seguín as súas caravanas
A través de campos, sen deixalos,*

*Saboreando os seus sinxelos alimentos
Durmindo arredor das súas fogueiras
Os longos camiños da aventura
Cheos de ledas cancións...
Aquel agarimoso nome “Mariula”
Por moito tempo estremeceume.*

*Fillos da natureza sacra
Sumidos na dor,
Cando de súpeto a felicidade
Fuxe dos toldos esgazados
Así os vosos bivaques do deserto
Non eivan a sorte amarga
Que fronte ás paixóns máis fortes
A todos deixa sen defensa.*

A paixón, a amargura, o estremeceamento, o crime... na poesía de Pushkin. Para Baudelaire serán sempiternos vagabundos perseguindo imposibles quimeras no seu poema *Xitanos en ruta*, tamén traducido no n^o anteriormente citado da Festa da Palabra Silenciada.

Agora, o xitano evoca o cante e baile flamenco, cada vez máis elaborado e de gran altura artística; os xitanos son os donos dos mercadillos estendidos por todas as cidades e barrios españois ; tamén son as chabolas onde se vende droga; tamén as rifas entre eles, a paixón maldita ou o odio que leva a matar. Mesmo se temos que recoñecer que os paios superan con creces as mortes privadas suscitadas pola misoxinia e o poder.

Como sucede coas paias, as xitanas teñen máis dificultades e menos liberdade. O sistema patriarcal está moi forte aínda, e as rapazas están suxeitas a un estricto control. O conveniente é que casen moi novas e continúen respectando os costumes arcaicos. Como en todas as culturas, as mulleres son as que gardan o lume sagrado e a honra. Na cultura islámica vemos as mulleres cubertas até os pés e con velo, mentres os maridos van vestidos como occidentais. Tamén no pobo xitano non se ve con malos ollos que os homes anden con paias ou se asimilen en certos costumes. Para as rapazas segue sendo difícil ir á escola e moito máis á Universidade. Algunhas das que acceden son pouco respectadas ou mesmo perseguidas. Non son características xitanas, senón que forman parte de arcaicas tradicións. Nós xa pasamos por aí.

Mesmo se non podo evitar a miña simpatía polos Rromás, agora xa non teño idealizada a cultura xitana, nin ningunha outra cultura. As filiacións, reclamacións, atribucións diferenciais, a defensa do propio son resultado do asoballamento, do desarraigo. Foron expulsados do reino de España, como os xudeus, e igualmente masacrados polos nazis.

19

A reacción é revolverse contra o desleixo, o menosprezo. Senten rabia contra quen ten o poder e impoñen a norma.

En Galiza temos tamén unha historia de desprezo por parte de Castela e España. Os *Castellanos de Castilla*, que Rosalía deustaba eran os nosos paios. Mesmo se somos unha pequena etnia comparada cos xitanos, e carecemos do seu orgullo, tamén temos éxodo e emigración, moita xente galega polo mundo adiante.

Comprendo o nacionalismo galego e xitano como o resultado dunha ofensa reiterada que leva a sobrevalorar o propio e a conservar as tradicións, por moito que sexan retrógradas e negativas. Isto non o comparto. Son os valores positivos das diferentes culturas os que se deben manter na marcha cara unha sociedade digna e unha total humanización.

MI RELACIÓN CON LOS ROMANÍES, María Xosé Queizán

Mi conocimiento del pueblo gitano es ya lejano. Los carros llenos de churumbeles y las chabolas en los arrabales de Vigo, llamaron mi atención desde la infancia. Una manera de vivir diferente, una vestimenta y costumbres exóticas, algo sugestivo a los ojos de una niña que leía el Quijote. En un libro fundamental para mi, los gitanos eran insultados sin reparos. También supe que no eran apreciados por la sociedad. Los dichos en relación con su afán de apropiarse de las posesiones ajenas, o de su desidia y mal aspecto llegaban a todos los oídos. Si alguien robaba en el peso, era una gitana, incluso si era paya; si iba mal peinada, “recoge ese pelo, pareces una gitana”; si era insolente, “tienes modales de gitana”. Gitana o gitano tenían muchas atribuciones, todas despectivas y vejatorias.

21

En oposición a esto, estaban las canciones flamencas que salían por las ondas de EAJ48 Radio Vigo. Me refiero a los años de la dictadura en los que Andalucía y su folklore eran paradigma de lo español. Esto me llevó a cierto rechazo de esas provincias. Confieso que fue Andalucía la última región que conocí de España, en épocas relativamente recientes. Hace dos años que volví a visitarla, pasé el fin de año en Jerez, “la cuna del flamenco” dicen, y escuché en Cádiz, delante de la Catedral, un concierto de Villancicos gitanos por una agrupación músico-vocal, excelente y unos bailarines de primer orden. Ahora soy una apasionada del flamenco.

Cuando era niña, no tenía información, pero escuchaba por la radio lo que decían los gitanos de sí mismos, una declaración de orgullo, de autoestima, contradiciendo las ofensas populares: que tenían “sangre de reyes”, o que “a Graná ha venido de tierras lejanas, una niña

en carroza reá, unha niña princesa gitana. Tani le llaman de nombre y es más bonita que un sol, no camela corona reá que camela gitano español” Juanito Valderrama, La Niña de la Puebla, que los llevaba “por los campos de mi Andalucía por la madrugada”, Lola Flores, una cascada de pasión, o la voz rota de Manolo Caracol que decía como nadie las Carceleras, las canciones de los gitanos desde la trena, lamentándose de la ausencia de libertad.

Poco después entre en el ámbito del jazz. En Paris conocí el jazz francés de los manouches y al magnífico intérprete de guitarra Djanjo Reinhardt. Más tarde, al virtuoso del violín Roby Lakatos, que hace el mejor jazz con la música de la Europa central, húngara, checa, eslovaca...etc. La fusión entre jazz y el flamenco no deja de ofrecer excelentes resultados.

Retornando a mi experiencia. Cuando tenía doce años fui a vivir a Extremadura, donde había más población gitana. Me coincidió habitar en las afueras de Cáceres, cerca de un campamento. Cuando venía para casa, un chaval, pequeño como yo, vino detrás y me despidió a la entrada con un dicho grosero, y al mismo tiempo humorístico, en el que me amenazaba con una palabra que era la primera vez que escuchaba. Me llamó la atención y nunca lo olvidé, yo que no tengo memoria. No solo por la expresión, sino porque la dijera un niño que me parecía menor que yo. En ningún momento sentí miedo ni me alarmé. Ahora me hace gracia.

En diferentes etapas de mi vida, me coincidió tener contactos con cárceles. Los calós y las calís eran abundantes en la trena. Ya sabemos que es más fácil que entre en prisión quien roba una gallina que los especuladores y corruptos que despluman sin mancharse los largos dedos. En ese aspecto, la sociedad actual es más consciente y cuando habla de “chorizos”, palabra del caló, por cierto, se refiere a banqueros o incluso políticos.

En la prisión de Vigo escuché cantar a los calós el día de la Virgen de las Mercedes, patrona de los presos. Bebían unos vinos y hacían fiesta. También oí cantar una saeta, sería el año 1949, a un gitano que soltaron de la cárcel en el medio de la procesión de Semana Santa, acompañando al Cristo, como si fuese él quien le concediese el indulto.

Por el hecho de ser nómadas, los Rromá se trasladaban cerca de los presidios donde estaban detenidos sus familiares. Los padres y madres recluidos podían ver a sus churumbeles habitualmente. Es proverbial el cariño que sienten por las criaturas que yo veía corriendo y jugando por los patios exteriores, esperando para entrar a comunicar con el padre o la madre. Recuerdo una mañana fría de diciembre, esperando sentada en unos bancos de piedra en la cárcel del Dueso. Llevaba puesto un gorro de lana para protegerme de la helada y unas gitanas a mi lado decían con ironía: “Aquí, con gorro o sin el, estamos todas en el mismo sitio”. A la salida aún les di algo de parné a las criaturas, que eran bien listos y rápidos.

23

Mi hija Cristal y mi hijo Roi fueron a la escuela pública, al colegio Fleming, en Vigo, y al lado había algunas chabolas. Sabían el respeto que merecían los gitanos en casa y trataban de crear amistad con los chavales que iban a la escuela, de vez en cuando. Llegaban a casa comentando las hazañas de los compas gitanos. Roi incluso andaba metido por las chabolas para acariciar a los perros. En una ocasión, le mordió una perra que estaba con la camada recién parida, y le quedó una buena marca que no lo hizo escarmentar.

